


# TENDENCIAS ACTUAIS EN NUTRICIÓN DEPORTIVA


 28 de outubro de 2022


De 10.00 a 14.00 horas



FCCED A Xunqueira s/n, Pontevedra

A nutrición deportiva está experimentando un cambio radical. Isto débese ao auxe do consumidor activo nun segmento de mercado en expansión e remodelación, e ao pulo que supón a innovación a través de novos ingredientes e formatos, adaptados aos requerimentos específicos para a mellora do estado físico e do rendemento.

Nesta liña o Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) e o Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia organizan esta xornada interclúster o 28 de outubro nas instalacións da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo en Pontevedra.

O obxectivo do evento é mostrar as últimas innovacións no desenvolvemento de novos produtos e analizar os requirimentos nutricionais e as prácticas de alimentación aplicadas á mellora do rendemento deportivo.

Esta xornada enmárcase nos grupos de traballo relacionados coa innovación e transferencia do coñecemento que promoven ambos clústeres, creando un espazo híbrido da industria alimentaria e a do deporte.

O encontro pretende facilitar o *networking* para a xeración de ideas innovadoras e de colaboracións entre os distintos axentes do ecosistema galego, permitindo posicionar a Galicia coma rexión provedora de alimentos innovadores, saudables e á vangarda do deporte.

 [xerencia@industriadeporte.gal](mailto:xerencia@industriadeporte.gal) | [info@clusaga.org](mailto:info@clusaga.org)

## INSCRIPCIÓN

### PROGRAMA

|       |   |
|-------|---|
| 10:00 | <b>Benvida</b><br>Roberto Alonso   Cluster Manager do Clúster Alimentario de Galicia<br>Sofía Toro   Cluster Manager do Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar<br>Óscar García   Decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte   |
| 10:10 | <b>Smart Nutrition Lab Nutrición intelixente e deporte. Athletic Club de Bilbao</b><br>Javier Amezaga   Investigador nutrición e deporte de AZTI  |
| 10:40 | <b>Mesa redonda: tendencias e innovación en alimentación e bebidas para o deporte</b><br>Gerardo de la Huz   CEO de Augas de Rodas<br>Mariluz Obermeier   Account Manager de Grupo Leche Río<br>José André   Director de desenvolvemento de negocio de Tabalú<br>Introduce e modera Belén Vázquez   Responsable da Área de Mercados do Clúster Alimentario de Galicia   |
| 11:45 | <b>Pausa. Café <i>networking</i></b>  |
| 12:15 | <b>Mesa redonda: fisioloxía do deporte, nutrición e requirimentos na práctica deportiva</b><br>Pablo Dapena   Deportista triatleta internacional<br>Federico Mallo   Catedrático de Fisioloxía-Endocrinoloxía na Uvigo<br>Santiago Luis Perote   Médico do Centro Galego de Tecnificación Deportiva<br>Introduce e modera Sofía Toro   Cluster Manager do Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar |
| 13:20 | <b>Conclusións: políticas públicas para a promoción do deporte e alimentación saudable</b><br>Dirección Xeral de Saúde Pública<br>Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia   |
| 13:30 | <b>Visita ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva</b>   |